




HOSPITEC: POTENCIA A TÚA INFRAESTRUTURA E SERVIZOS HOSPITALARIOS

RELATOR: EDNON, QUANTION E GRADIANT

DATA: 26/02/2019



CAL É O PROGRAMA?

- Presentación de aliados tecnolóxicos
- Presentación de Hospitec e as súas vantaxes:
 - Instalación desatendida de servidores e autodescubrimento de recursos na rede local
 - Despregamento sinxelo e automatizado de software hospitalario e servizos TI
 - Innovador sistema de xestión da infraestrutura de computación e comunicación baseado en técnicas de hiperconverxencia
 - Interface de xestión centralizada
 - Software hospitalario de entretemento multimedia a dispositivos móbiles
 - Xestión de ciclo de vida de servizos e alta dispoñibilidade
- Presentación dos resultados e obxectivos acadados ao peche do proxecto
- Quenda de preguntas

QUEN O IMPARTE?

Ednon

Ednon é unha empresa TIC con máis de 14 anos de experiencia na integración de coñecementos e servizos avanzados en sistemas, comunicacións e ciberseguridade. A súa misión é propoñer solucións TIC de valor adaptadas ás necesidades dos clientes, con base na especialización do seu persoal e o traballo continuo cos seus aliados fabricantes de tecnoloxía.

Quantion

Quantion é unha empresa dedicada, dende os seus inicios, ao desenvolvemento de negocio no ámbito das TIC. A partir de 2010, o seu departamento de I+D desenvolve a solución multimedia de ocio e entretemento, e acceso á historia clínica de pacientes en hospitais. Na actualidade, grazas a este sistema, dispón da concesión administrativa de máis de 6000 camas en todo o territorio nacional.

Gradient

Gradient é unha fundación privada, sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo o desenvolvemento de novos sistemas de telecomunicacións nos ámbitos da conectividade, intelixencia e seguridade. Destacan, entre as súas competencias, as tecnoloxías DevOps, despregamentos multicloud, big data, IoT, edge e fog computing, transmisión multimedia eficiente e ciberseguridade.

Organizan:

CANDO E ONDE?

26 de febreiro de 2019
16.30 a 18.00 h

Presencial: Centro Demostrador TIC. CNTG.
Rúa Airas Nunes, s/n – Conxo.
Santiago de Compostela

INSCRIPCIÓN

 **Presencial:** cdtic.xunta.gal

PARA QUEN?

Dirixida a desenvolvedores, analistas, arquitectos TIC, administradores de sistemas, CIO e, en xeral, ao sector TIC relacionado ou non co ámbito hospitalario.

POR QUE?

Hospitec é un proxecto innovador que ten como obxectivo a simplificación e a automatización da xestión de infraestrutura e servizos hospitalarios. Está baseado en tecnoloxías cloud e aplica as vantaxes das técnicas máis modernas de virtualización (como Docker, Kubernetes, OpenStack, Cloudify etc.) e distribución eficiente de contidos multimedia (streaming h264/h265, SPICE, websockets etc.) para dinamizar o uso da aplicación desde diferentes localizacións e dispositivos. En definitiva, Hospitec pretende prover a toda a comunidade hospitalaria dun sistema que lle permita acceder aos servizos e facer uso da infraestrutura TI dunha forma sinxela para todos.